

Resolución do 1 de febreiro de 2011, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión mixta paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres, relativo á aprobación da táboa salarial para o ano 2011.

Visto o acordo polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2011, que subscribiu a comisión mixta paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres, na xuntanza que tivo lugar o 17 de decembro de 2010, e de conformidade co disposto no artigo 90°.2 e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo,

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18 de novembro).

Segundo.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

Acta da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres

Santiago de Compostela, ás once horas do día dezanete de decembro de dous mil dez, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo, 24-baixo, reúnen-se as persoas abaixo

sinaladas, que forman parte da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres.

-Representación empresarial:

En representación da *Asociación Gallega de Empresas de Servicios Funerarios*:

Fernando Ruiz Posse.

José Luis Varela Tabarés (representado por Fernando Ruiz Posse).

Pedro de Diego Olavarrieta (representado por Fernando Ruiz Posse).

-Representación social:

UGT Galicia:

Pedro Pablo López Fernández.

Antonio Gómez Vila.

Serafín Álvarez Seoane.

O motivo desta xuntanza é a fixación do incremento salarial que se aplicará nas táboas salariais do convenio colectivo para o sector de pompas fúnebres de Galicia para o ano 2011.

As representacións presentes na comisión paritaria do convenio colectivo para o sector de pompas fúnebres de Galicia, logo da exposición daquelas consideracións e argumentacións que consideraron oportunas en defensa das súas pretensións, e tras un longo debate, acadan o seguinte acordo:

O recollido no texto do convenio colectivo de pompas fúnebres de Galicia sinala para o ano 2011 un incremento salarial de IPC previsto máis dous puntos. De cara a concretar o IPC previsto, esta comisión paritaria atense ao disposto no artigo 48º do Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, en relación coa sentenza da Sala do Social da Audiencia Nacional do 21 de maio de 2009 (sentenza 43/2009). Para estes efectos, sinaláse como IPC previsto o 0%, fixado pola Lei de orza-

mentos xerais do Estado para o ano 2011 para incrementar as pensións públicas.

As táboas salariais para o ano 2011 incrementáanse, polo tanto, nunha contía total do 2%, e quedan do seguinte xeito:

Táboas salariais 2011 (salario bruto anual):

Categorías	2011	
	Salario	
Xefe administrativo	19.751,82	
Oficial Adm. 1º	15.949,60	
Oficial Adm. 2º	15.032,35	
Aux. Adm.	13.960,39	
C. Funerario 1º	15.949,60	
C. Funerario 2º	13.960,39	
C. Funerario 3º	12.983,16	
Azafata	13.960,39	
Mant. e limpeza	12.983,16	

De acordo co disposto no artigo 18º do convenio, no caso de que en 31 de decembro de 2010 o IPC real exceda o 3%, ou no caso de que se prevexa ou se estableza un IPC previsto, procederase á revisión das táboas de acordo co establecido no convenio.

Facúltase o persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais para levar a cabo os trámites de depósito, rexistro e publicación desta acta.

E, ao non ter máis asuntos que tratar, remata a reunión, ás doce horas do día sinalado no encabezamento, e redactáctase para o efecto esta acta, que asinan todos os asistentes en proba de conformidade.